

FRANCISCO PABLOS HOLGADO

Foi nomeado Académico Numerario da Sección de Expertos nas Artes o día 26 de Marzo de 1994 tomando posesión o día 9 de Febreiro de 1996 co discurso titulado: "Urbano Lugrís: andadura vital y plástica de un gran artista".

Naceu en Salamanca en 1934 e reside en Galicia desde 1959.

Cursou as licenciaturas de Dereito en Compostela e de Ciencias da Información en Madrid. Xornalista profesional e técnico de radiodifusión. Membro da Fundación Castellblanch, do Padroado do Museo Municipal de Vigo e do Comité Cultural de Caixanova. Pronunciou conferencias en Universidades e centros culturais de España, Europa e Hispanoamérica. Foi subdirector da Casa de América en Vigo.

Novelista, ensaísta e crítico de arte. publicou preto dun centenar de monografías e tratados de arte, con especial dedicación á pintura galega. Entre os seus libros destacan "Pintores gallegos del Novecientos", "Plástica Gallega" e "La Pintura en Galicia". Ten en curso de publicación (Abril 2008) "Diccionario crítico de artistas plásticos en Galicia", en dous grosos volumes de case 2000 páxinas. Foi reiteradamente xurado de exposicións e certames e publicou máis dun milleiro de críticas e glosas de mostras artísticas en prensa, radio e televisión, medios nos que colaborou durante máis de medio século.

Mantivo amizade persoal con numerosos artistas, desde Victorio Macho e Vázquez Díaz a Pio Baroja, Buero Vallejo e Carmen Martín Gaité.

Está especializado en pintura española dos séculos XIX e XX

